

Disposición derradeira terceira. *Modificación da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.*

1. Modifícanse as letras a) e g) do punto 1 do artigo 2, que quedan redactadas do seguinte xeito:

«a) O persoal civil e militar ao servizo da Administración do Estado e dos seus organismos públicos.

g) O persoal ao servizo de entidades, corporacións de dereito público, fundacións e consorcios cuxos orzamentos se doten ordinariamente en máis dun 50 por cento con subvencións ou outros ingresos procedentes das administracións públicas».

2. Modifícase o punto 1 do artigo 16, que queda redactado da seguinte forma:

«No se lles poderá autorizar ou recoñecer compatibilidade ao persoal funcionario, ao persoal eventual e ao persoal laboral cando as retribucións complementarias que teñan dereito a percibir da alínea b) do artigo 24 deste estatuto inclúan o factor de incompatibilidade ao retribuído por arancel e ao persoal directivo, incluído o suxeito á relación laboral de carácter especial de alta dirección».

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

1. Este estatuto entrará en vigor no prazo dun mes a partir da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

2. Malia o establecido nos capítulos II e III do título III, excepto o artigo 25.2, e no capítulo III do título V, producirá efectos a partir da entrada en vigor das leis de función pública que se diten en desenvolvemento deste estatuto.

A disposición derradeira terceira 2 deste estatuto producirá efectos en cada Administración pública a partir da entrada en vigor do capítulo III do título III coa aprobación das leis de función pública das administracións públicas que se diten en desenvolvemento deste estatuto. Ata que se fagan efectivos eses supostos, a autorización ou denegación de compatibilidades continuará a se rexer pola actual normativa.

3. Ata que se diten as leis de función pública e as normas regulamentarias de desenvolvemento, manteranse en vigor en cada Administración pública as normas vixentes sobre ordenación, planificación e xestión de recursos humanos mentres non se opoñan ao establecido neste estatuto.

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 12 de abril de 2007

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

7864 *REAL DECRETO LEI 3/2007, do 13 de abril, polo que se adoptan medidas urxentes para reparar os danos causados polas inundacións producidas por enchentes na bacía do río Ebro durante a derradeira semana do mes de marzo e a primeira do mes de abril 2007. («BOE» 90, do 14-4-2007.)*

Durante a derradeira semana do mes de marzo e a primeira do mes de abril de 2007, un temporal de chuvia e neve azoutou as comunidades autónomas de Navarra, La

Rioja, Aragón e Cataluña, provocando inundacións pola enchente do río Ebro e os seus afluentes.

Segundo datos da Confederación Hidrográfica do Ebro, o río chegou a atinxir os 2.593 metros cúbicos por segundo e 7,14 metros de altura ao seu paso por Castejón (Navarra), 1.880 metros cúbicos por segundo en Ascó (Tarragona), 1.635 en Torrotas (Tarragona) e os 2.142 cúbicos por segundo ao seu paso por Zaragoza.

A enchente do río provocou que millares de hectáreas de cultivo ficasen asolagadas, orixinando, pola súa vez, a evacuación dalgúns municipios.

Igualmente, a chea provocou a inundación de camiños rurais, o corte de estradas da rede secundaria por esborroamentos e inundacións, e danos noutras infraestruturas como canles de rega, redes de sumidoiros, escolas, ben como diversos danos en bens de titularidade pública e privada.

A magnitude dos feitos e as súas consecuencias obrigan, polo principio constitucional de solidariedade, e por aplicación dos de equidade e igualdade de trato en relación con situacións precedentes, á actuación dos poderes públicos e á adopción, para as zonas afectadas, dun conxunto de medidas paliativas e reparadoras concordantes coas adoptadas anteriormente en ocasións semellantes, co obxecto de favorecer o restablecemento dos servizos, a reparación de danos producidos e a volta á normalidade das zonas prexudicadas polas inundacións.

O albo, por tanto, desta norma é aprobar un catálogo de medidas que afectan varios departamentos ministeriais e abranguen aspectos moi diferentes, pois en canto unhas se dirixen a diminuír as cargas tributarias, outras, como a concesión de créditos privilexiados, tentan paliar o impacto nas empresas e particulares afectados.

Non obstante, a inmediata aprobación deste real decreto lei, co obxectivo de executar canto antes aquelas medidas que se deben emprender urxentemente, implica diferir a un momento ulterior o desenvolvemento regulamentario daqueles campos de actuación en que resulta preciso coñecer con maior detalle o alcance dos danos producidos, sobre todo cando os efectos da inundación, até o día de hoxe, non permiten aínda efectuar un adecuado balance da situación. Desta forma, preténdese que a Administración do Estado poida habilitar os créditos adecuados e na contía necesaria para financiar estas actuacións, ben como establecer os procedementos de coordinación necesarios con outras administracións.

Por outra parte, as perdas de produción ocasionadas polas citadas inundacións nos cultivos e territorios afectados configuran, pola magnitude dos danos ocasionados, unha situación de desastre natural, nos termos establecidos polas directrices comunitarias sobre axudas estatais ao sector agrario.

Considerando que estas continxencias non teñen cobertura completa no cadro do seguro agrario combinado, cómpre arbitrar medidas paliativas adecuadas, en consonancia coa natureza e incidencia dos danos ocasionados nas producións dos territorios afectados e nas rendas dos agricultores.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución, por proposta da vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia, do vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e Facenda e dos ministros do Interior, de Fomento, de Traballo e Asuntos Sociais, de Agricultura, Pesca e Alimentación, de Administracións Públicas e de Medio Ambiente e despois da deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 13 de abril de 2007,

DISPÕÑO:

Artigo 1. *Ámbito de aplicación.*

1. As medidas establecidas neste real decreto lei aplicaranse á reparación dos danos ocasionados polas inundacións producidas polas enchentes na bacía do río Ebro durante a última semana do mes marzo e a primeira do mes de abril de 2007.

Os termos municipais e núcleos de poboación afectados das comunidades autónomas de Navarra, La Rioja, Cataluña e Aragón a que concretamente lles sexan de aplicación as medidas aludidas determinaranse por orde do ministro do Interior.

2. Para os efectos desas actuacións reparadoras, entenderanse tamén incluídos aqueles outros termos municipais ou núcleos de poboación en que, para a correcta execución das obras necesarias, sexan imprescindibles as actuacións dos departamentos ministeriais competentes.

Artigo 2. *Danos en infraestruturas municipais e rede viaria das deputacións provinciais.*

Aos proxectos que executen as entidades locais nos termos municipais e núcleos de poboación a que se fai referencia no artigo anterior, relativos ás obras de reparación ou restitución de infraestruturas, equipamentos e instalacións e servizos de titularidade municipal, das comarcas e das mancomunidades e á rede viaria das deputacións provinciais, aplicaráselles o trámite de urxencia, e poderalles o Estado conceder unha subvención de até o 50 % do seu custo.

Artigo 3. *Danos nas restantes infraestruturas públicas.*

Facúltanse os titulares dos departamentos ministeriais competentes por razón da materia para declararen zona de actuación especial as áreas afectadas, co obxecto de que eses departamentos, os seus organismos autónomos e entidades públicas dependentes deles poidan levar a cabo as restauracións que procedan. Para os efectos indicados, decláranse urxentes as obras indispensables a executar por tales departamentos para reparar os danos directamente causados polas inundacións en infraestruturas de titularidade estatal comprendidas no seu ámbito de competencias.

Artigo 4. *Indemnización de danos en producións agrícolas e gandeiras.*

Serán obxecto de indemnización os danos causados polas enchentes na bacía do río Ebro nas explotacións agrícolas e gandeiras que, tendo pólizas en vigor amparadas polo plan de seguros agrarios, sufrisen perdas por danos nas súas producións non cubertos polas liñas de seguros agrarios combinados.

Non obstante, no caso de producións para as cales nas datas do sinistro non tiver finalizado o período de contratación do seguro correspondente, tamén poderán percibir as anteriores indemnizacións sempre que o agricultor tiver contratado o seguro correspondente a esas producións no exercicio anterior.

Tamén se poderá percibir indemnización polos danos causados sobre producións non incluídas no vixente plan anual de seguros, salvo que as producións afectadas estiveren garantidas por un seguro non incluído no sistema de seguros agrarios combinados.

As indemnizacións irán destinadas aos titulares daquelas explotacións que, estando situadas no ámbito sinalado no artigo 1, sufrisen perdas superiores ao 30 % da produción, consonte os criterios establecidos pola Unión Europea a este respecto.

Artigo 5. *Beneficios fiscais.*

1. Concédese a exención das cotas do imposto sobre bens inmoables correspondentes ao exercicio de 2007 que afecten vivendas, establecementos industriais e mercantís, explotacións agrarias, locais de traballo e similares, danados como consecuencia directa das inundacións, cando se probe que tanto as persoas como os bens neles situados deberon ser realoxados total ou parcialmente noutras vivendas ou locais diferentes até a reparación dos danos sufridos, ou os estragos en colleitas constituían sinistros non cubertos por ningunha fórmula de aseguranza pública ou privada.

2. Concédese unha redución no imposto sobre actividades económicas correspondente ao exercicio de 2007 ás industrias de calquera natureza, establecementos mercantís e profesionais cuxos locais de negocios ou bens afectados a esa actividade fosen danados como consecuencia directa das inundacións, sempre que tivesen que ser obxecto de realoxamento ou se producisen danos que obriguen ao feche temporal da actividade. A indicada redución será proporcional ao tempo transcorrido desde o día en que se producise o cesamento da actividade até o seu reinicio en condicións de normalidade, quer nos mesmos locais quer noutros habilitados para ese efecto, sen prexuízo de considerar, cando a gravidade dos danos producidos dea orixe a isto, o suposto de cesamento no exercicio da actividade, que producirá efectos desde o día 31 de decembro de 2006.

3. As exencións e reducións de cotas nos tributos sinalados nos números anteriores comprenderán a das recargas legalmente autorizadas sobre aqueles.

4. Os contribuíntes que, tendo dereito aos beneficios establecidos nos números anteriores, satisfixesen os recibos correspondentes a ese exercicio fiscal, poderán pedir a devolución das cantidades ingresadas.

5. A tramitación das baixas de vehículos, solicitadas como consecuencia dos danos producidos polas inundacións, e a expedición de duplicados de permisos de circulación ou de condución destruídos ou extraviados por esas causas non xerarán as taxas correspondentes aos respectivos servizos da Xefatura Central de Tráfico.

6. A diminución de ingresos en tributos locais que os anteriores números deste artigo produzan nos concellos e deputacións provinciais será compensada con cargo aos orzamentos xerais do Estado, de conformidade co establecido no artigo 9 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Artigo 6. *Reducións fiscais especiais para as actividades agrarias.*

Para as explotacións e actividades agrarias, realizadas nas zonas que determine a orde que se dite en desenvolvemento do artigo 1 deste Real decreto lei, e conforme as previsións contidas no número 4.1 do artigo 37 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 439/2007, do 30 de marzo, e o número 4.1 artigo 37 do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro, o Ministerio de Economía e Facenda, á vista do informe do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, poderá autorizar, con carácter excepcional, a redución dos índices de rendemento neto a que se refire a Orde EHA/804/2007, do 30 de marzo, pola que se desenvolve, para o ano 2007, o método de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas e o réxime especial simplificado do imposto sobre o valor engadido.

Artigo 7. *Medidas laborais e de seguranza social.*

1. Os expedientes de regulación de emprego que teñan a súa causa nos danos producidos polas inundacións terán a consideración de provenientes dunha situación de forza maior, coas consecuencias que derivan dos artigos 47 e 51 do texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo. A Tesouraría Xeral da Seguridade Social poderá exonerar o empresario do aboamento das cotas á Seguridade Social no primeiro suposto en canto dure o período de suspensión, manténdose a condición dese período como efectivamente cotizado polo traballador. Nos casos en que se produza extinción do contrato, as indemnizacións dos traballadores correrán a cargo do Fondo de Garantía Salarial, cos límites legalmente establecidos.

Nos expedientes en que se resolva favorablemente a suspensión de contratos ou a redución temporal da xornada de traballo con base en circunstancias excepcionais, a autoridade laboral poderá autorizar que o tempo en que se perciban as prestacións por desemprego, reguladas no título III do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, que teñan a súa causa inmediata nas inundacións, non se compute para efectos de consumir os períodos máximos de percepción establecidos. Igualmente, poderá autorizar que reciban prestacións por desemprego aqueles traballadores incluídos neses expedientes que carezan dos períodos de cotización necesarios para teren dereito a elas.

2. As empresas e os traballadores por conta propia, incluídos en calquera réxime da Seguridade Social, poderán solicitar e obter, despois da xustificación dos danos sufridos, unha moratoria de até un ano sen xuro no pagamento das cotizacións á Seguridade Social, incluídas xornadas reais, correspondentes aos meses de febreiro e marzo de 2007, excepto no caso dos traballadores do Réxime especial de traballadores autónomos, que correspondería aos meses de marzo e abril de 2007.

3. Os cotizantes á Seguridade Social que teñan dereito aos beneficios establecidos nos números anteriores e satisfixesen as cotas correspondentes ás exencións ou á moratoria de que se trate poderán pedir a devolución das cantidades ingresadas, incluídos, se for o caso, os xuros de demora, as recargas e as custas correspondentes. Se o que ten dereito á devolución for debedor da Seguridade Social por cotas correspondentes a outros períodos, o crédito pola devolución será aplicado ao pagamento de débedas pendentes coa Seguridade Social na forma que legalmente proceda.

4. Para levar a cabo as obras de reparación dos danos causados, as administracións públicas e as entidades sen ánimo de lucro poderán solicitar dos servizos públicos de emprego a adscrición de traballadores perceptores das prestacións por desemprego para traballos de colaboración social, de acordo co disposto no artigo 213.3 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social.

Artigo 8. *Réxime de contratación.*

1. Para os efectos establecidos no artigo 72 do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, terán a consideración de obras, servizos, adquisicións ou fornecementos de emerxencia os de reparación ou mantemento do servizo de infraestruturas e equipamentos, ben como as obras de reposición de bens prexudicados pola catástrofe, calquera que for a súa contía.

2. Para eses mesmos efectos, inclúense, en todo caso, entre as infraestruturas as hidráulicas, as estradas e,

en xeral, calquera que resultase afectada polas inundacións.

3. Declárase urxente a ocupación dos bens afectados polas expropiacións derivadas da realización das obras a que se refire este artigo, para os efectos establecidos no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954.

4. Na tramitación dos expedientes de contratación non incluídos no artigo 129.2 do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, dispensarase do requisito previo de dispoñibilidade de terreos, sen prexuízo de que a súa ocupación efectiva non se faga até a formalización da acta de ocupación.

Artigo 9. *Axudas por danos na vivenda e no enxoval doméstico.*

Ás axudas persoais por danos na vivenda habitual e no enxoval de primeira necesidade seralles de aplicación o procedemento de concesión previsto no Real decreto 307/2005, do 18 de marzo, polo que se regulan as subvencións en atención a determinadas necesidades derivadas de situacións de emerxencia ou de natureza catastrófica.

Artigo 10. *Axudas ás corporacións locais por gastos de emerxencia.*

1. Ás subvencións que conceda o Ministerio do Interior a entidades locais por gastos de emerxencia seralles de aplicación o establecido no Real decreto 307/2005, do 18 de marzo, por este concepto. Non terán por obxecto as reparacións ou reposicións de carácter infraestrutural previstas no artigo 2 deste real decreto lei, non obstante o cal poderán subvencionarse aquelas actuacións inadiabables que, incidindo no mesmo ámbito de aplicación a que se refire ese artigo, se levasen a cabo co fin de garantir o funcionamento dos servizos públicos esenciais e para garantir a vida e seguranza das persoas.

2. Para estes efectos, o prazo para a presentación das solicitudes das axudas a que fai referencia o número anterior comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación, no Boletín Oficial del Estado da orde que se dite en desenvolvemento do artigo 1 deste real decreto lei.

3. As axudas que se concedan en aplicación do previsto neste artigo e no anterior financiaranse con cargo aos créditos 16.01.134M.482 e 16.01.134M.782 «Transferencias correntes e de capital a familias e institucións sen fins de lucro para atencións de toda orde motivadas por sinistros, catástrofes ou outros de recoñecida urxencia» e 16.01.134M.461 e 16.01.134M.761 «Transferencias correntes e de capital a corporacións locais para atencións de toda orde motivadas por sinistros, catástrofes ou outros de recoñecida urxencia», dotados, con carácter de ampliables, no vixente orzamento do Ministerio do Interior.

Artigo 11. *Liñas preferenciais de crédito.*

Instrúese o Instituto de Crédito Oficial (ICO), na súa condición de axencia financeira do Estado, para instrumentar unha liña de préstamos de mediación, para o que pedirá a colaboración das entidades de crédito con implantación nas comunidades autónomas afectadas, subscribindo con elas os oportunos convenios de colaboración.

O importe global da liña de préstamos determinarase nas disposicións que se diten en desenvolvemento deste real decreto lei, unha vez completada a avaliación dos danos. As delegacións do Goberno e o Consorcio de Compensación de Seguros remitirán ao Instituto de Crédito Oficial relación das empresas, físicas ou xurídicas, potencialmente beneficiarias desta liña de préstamos, con expresión da súa identificación e do importe máximo dos danos avaliados.

A liña de préstamo, que terá como finalidade financiar a reparación ou reposición de instalacións e equipamentos industriais e mercantís, agrícolas, gandeiros e de rega, automóviles, motocicletas e ciclomotores de uso particular, vehículos comerciais, maquinaria agrícola e locais de traballo de profesionais que se visen danados como consecuencia das inundacións, materializaranse en operacións de préstamo concedidas por esas entidades financeiras, cuxas características serán:

a) Importe máximo: o do dano avaliado pola delegación, nas comunidades autónomas afectadas, ou pola subdelegación do Goberno da provincia correspondente, ou, se for o caso, polo Consorcio de Compensación de Seguros, descontado, cando proceder, o importe do crédito que puidesen subscribir con cargo a liñas de crédito preferenciais a establecer por iniciativa das comunidades autónomas respectivas.

b) Prazo: 5 anos, incluído 1 de carencia do principal.

c) Xuro: o tipo de cesión polo ICO ás entidades financeiras será do 1,50 por cento TAE, cunha marxe máxima de intermediación para estas do 0,50 por cento. En consecuencia, o tipo final máximo para o prestameiro será do 2 por cento TAE.

d) Tramitación: as solicitudes serán presentadas na entidade financeira mediadora, a cal decidirá sobre a concesión do préstamo, sendo ao seu cargo o risco da operación.

e) Vixencia da liña: seis meses a partir da entrada en vigor da norma regulamentaria de desenvolvemento a que fai referencia a disposición adicional segunda deste real decreto lei.

A instrumentación da liña de préstamos a que se refire este artigo levaraa a cabo o Instituto de Crédito Oficial, no exercicio das funcións a que se refire a disposición adicional sexta, dous, 2, parágrafo a, do Real decreto lei 12/1995, do 28 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira e, na súa virtude, o quebranto que para o ICO supoña o diferencial entre o custo de mercado da obtención dos recursos e o tipo antes citado do 1,50 por cento será cuberto con cargo aos orzamentos xerais do Estado.

Artigo 12. *Cooperación coas administracións locais.*

Facúltase o titular do Ministerio de Administracións Públicas para propor o pagamento das subvencións a que se refire o artigo 2, con cargo ao crédito que para estes efectos se habilite, co carácter de incorporable, nos orzamentos dese departamento.

O importe máximo do crédito será establecido nas disposicións de aplicación e desenvolvemento deste real decreto lei, tan axiña como se coñeza a valoración dos danos.

Do mesmo modo, facúltase o titular do Ministerio de Administracións Públicas para establecer o procedemento para a concesión das mencionadas subvencións, ben como o seu seguimento e control, no cadro da cooperación económica do Estado aos investimentos das entidades locais.

Artigo 13. *Comisión interministerial.*

1. Créase unha comisión interministerial para a aplicación das medidas establecidas neste real decreto lei, presidida polo director xeral de Protección Civil e Emerxencias, e integrada por representantes dos ministerios de Economía e Facenda, do Interior, de Fomento, de Traballo e Asuntos Sociais, de Agricultura, Pesca e Alimentación, da Presidencia, de Administracións Públicas e de Medio Ambiente, ben como polos delegados do Goberno nas comunidades autónomas afectadas.

Participarán igualmente na comisión un representante do Consorcio de Compensación de Seguros e outro do Instituto de Crédito Oficial.

2. O seguimento das medidas previstas neste real decreto lei levaraa a cabo a comisión a que se refire o número anterior, en coordinación coas autoridades das comunidades autónomas afectadas, a través das delegacións do Goberno.

Artigo 14. *Consorcio de Compensación de Seguros.*

1. As valoracións de danos a que se refire o artigo 9 deste real decreto lei serán efectuadas polo Consorcio de Compensación de Seguros, despois de petición efectuada polo delegado ou subdelegado do Goberno do territorio afectado.

2. O consorcio terá dereito ao aboamento por parte da Administración xeral do Estado dos traballos de peritación conforme o baremo de honorarios profesionais que o Consorcio tivese aprobado para os seus peritos taxadores de seguros.

3. Para facilitar a tramitación das axudas e a valoración dos danos, a Administración competente e o Consorcio de Compensación de Seguros poderán transmitirse os datos sobre beneficiarios das axudas e indemnizacións que concedan, as súas contías respectivas e os bens afectados.

Artigo 15. *Convenios con outras administracións públicas.*

A Administración xeral do Estado poderá celebrar coas comunidades autónomas e con outras administracións públicas os convenios de colaboración que exixa a aplicación deste real decreto lei.

Disposición adicional primeira. *Límites das axudas.*

O valor das axudas concedidas en aplicación deste real decreto lei, no que a danos materiais se refire, non poderá superar en ningún caso a diferenza entre o valor do dano producido e o importe doutras axudas ou indemnizacións declaradas compatibles ou complementarias que, polos mesmos conceptos, puideren conceder outros organismos públicos, nacionais ou internacionais, ou corresponderen en virtude da existencia de pólizas de aseguranza.

Disposición adicional segunda. *Financiamento das medidas.*

O financiamento do custo das medidas contidas neste real decreto lei concretarase nas disposicións de desenvolvemento desta norma, unha vez coñecida a valoración dos danos producidos.

Disposición adicional terceira. *Danos en infraestruturas públicas titularidade das comunidades de regantes.*

Para os efectos previstos no artigo 3, decláranse de emerxencia as obras a executar polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para reparar os danos causados en infraestruturas públicas titularidade das comunidades de regantes, comprendidas no seu ámbito de competencia.

Disposición adicional cuarta. *Anticipos de axudas vinculadas a determinados préstamos para a mellora e modernización de estruturas agrarias.*

Nos termos municipais afectados polas inundacións, con carácter preferente, poderase efectuar o pagamento anticipado do importe total das axudas de minoración de anualidades de amortización do principal dos préstamos acollidos ao Real decreto 613/2001, do 8 de xuño, para a

mellora e modernización das estruturas de produción das explotacións agrarias, daqueles expedientes dos cales se dispoña da correspondente certificación final de cumprimento de compromisos e realización de investimentos.

Disposición adicional quinta. *Convenios de colaboración para a restauración de parcelas agrícolas e gastos en explotacións gandeiras.*

O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, con cargo ás súas disponibilidades orzamentarias, poderá subscribir coas administracións públicas, autonómicas e locais das comunidades autónomas afectadas polas inundacións os convenios de colaboración necesarios para a identificación e financiamento das actuacións necesarias para a restauración daquelas parcelas agrícolas cuxa estrutura se vise afectada, ben como para paliar os gastos derivados dos traslados e manutención do gando afectado polas inundacións.

Disposición derradeira primeira. *Facultades de desenvolvemento.*

O Goberno e os distintos titulares dos departamentos ministeriais, no ámbito das súas competencias, ditarán as disposicións necesarias e establecerán os prazos para a execución do establecido neste real decreto lei.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 13 de abril de 2007.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

7865 REAL DECRETO LEI 4/2007, do 13 de abril, polo que se modifica o texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo. («BOE» 90, do 14-4-2007.)

O derradeiro inciso do artigo 245.2 do Regulamento do dominio público hidráulico, aprobado polo Real decreto 849/1986, do 11 de abril, na redacción dada polo Real decreto 606/2003, do 23 de maio, dispuña que a competencia para emitir as autorizacións relativas a verteduras indirectas a augas superficiais lle corresponde ao órgano autonómico ou local competente.

Este inciso foi declarado nulo pola sentenza da Sección Quinta da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo, do 18 de outubro de 2006. O Alto Tribunal considerou que a atribución aos entes locais dunha competencia específica mediante unha norma regulamentaria conculcaba o disposto nos artigos 2.2, 7.1 e 25.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, segundo os cales só por unha norma legal cabe determinar as competencias municipais.

A declaración de nulidade supuxo, en concordancia co establecido no artigo 245.2 do Regulamento do dominio público hidráulico, que a competencia para autorizar as verteduras indirectas a augas superficiais pase a ser

dos organismos de bacía e, por tanto, o control do cumprimento das condicións da correspondente autorización, o cal supón dissociar esta competencia dos entes que xestionan as redes de condución de augas residuais en que se producen tales verteduras. Esta disociación é unha situación claramente anómala, porque resulta evidente que só debe outorgar a autorización de vertedura a entidade que dispón dos elementos técnicos e fácticos indispensables para facer viable o seu seguimento e control e garantir a súa adecuación á normativa aplicable, é dicir, a entidade a que corresponde a función de saneamento das augas en que a vertedura se produce. Por isto, para garantir a correcta actuación administrativa nun tema tan sensible como é a calidade das augas, as dúas actuacións, autorización de vertedura e xestión das conducións en que a vertedura se produce, deben ser competencia dun único ente.

Non cabe manter esta competencia no ámbito dos organismos de bacía, xa que estes carecen da información requirida para emitir as autorizacións, xa que non xestionan as redes de condución das augas en que estas verteduras se producen. Por tanto, o outorgamento de autorizacións en tales condicións revestiría un alto grao de irresponsabilidade e podería repercutir negativamente nas redes xestionadas por outras administracións e, en última instancia, no adecuado control da calidade das augas. Ademais, produciríase a paralización ou o colapso na emisión das autorizacións correspondentes ás verteduras indirectas ás augas superficiais, unha vez que, conforme o establecido na Lei de augas, calquera vertedura, por pequena que for, require autorización administrativa, sen distinguir se o seu destino é a rede de sumidoiros ou o dominio público hidráulico, polo que, de non lles outorgar novamente esta competencia ás entidades locais, os organismos de bacía deberían tramitar as autorizacións correspondentes a todas as verteduras procedentes de industrias, comercios, etc., dos máis de oito mil municipios existentes en España, sen dispor dos medios necesarios para isto, ao tratarse dunha situación completamente imprevista. Xeraríase con isto o risco ben de que as instalacións produtoras de substancias contaminantes destinadas a ser vertidas legalmente deban interromper a súa actividade de produción ou se vexan condicionadas pola imposibilidade de verter ao dominio público hidráulico, ben de que se produzan verteduras non autorizadas ante a incapacidade da Administración para tramitar as solicitudes de vertedura formuladas.

Na liña da exposición material da necesidade da norma efectuada até o momento, procede a seguir salientando convenientemente o carácter extraordinario e urxente do proxecto, co fin de demostrar o cumprimento dos requisitos exixidos polo artigo 86 da Constitución.

En primeiro lugar, hai que subliñar o carácter imprevisible da situación, xa que de ningunha maneira cabía anticipar o senso da resolución xudicial que deu lugar e ela. En segundo lugar, a necesidade de restablecer a situación competencial alterada pola referida sentenza non se pode cualificar de ordinaria. Non se trata neste caso da aprobación dunha norma innovadora desde o punto de vista xurídico e material, senón, antes ao contrario, de restablecer un réxime de funcionamento que, de maneira súbita e inopinada, foi suprimido por unha resolución xurisdiccional. Por tanto, a necesidade a que se pretende facer fronte reviste carácter extraordinario, pois se puxo de manifesto de maneira imprevisible e require unha solución atípica e específica, cal é o inmediato restablecemento da repartición competencial que resulta adecuada ás funcións que teñen atribuídas as distintas administracións públicas afectadas.

Por último, a urxencia da necesidade xurdida despréndese sen esforzo da exposición material que antecede. O período de tramitación dunha disposición legal ordinaria provocaría que a situación descrita se agravase conside-